

XORNADA

Sábado 24 de marzo de 2018

AS NOVAS MASCULINIDADES NOS PROCESOS DE TERAPIA FAMILIAR E DE PARELLA

ASOCIACIÓN DE TERAPIA FAMILIAR E MEDIACIÓN DE GALICIA

Número de conta BANCO SABADELL GALLEGO:

ES55 0081 0499 6700 0181 8088

Remitir esta ficha de inscrición xunto co xustificante de pago e a documentación requerida antes do prazo límite de recepción a info@atfmgalicia.com.

Teléfono: 615 207 595

(1) Comprobarase na FEATF.

(2) Xuntar xustificante actualizado da situación de desemprego.

(3) Xuntar certificación da **Secretaría da Facultade**.

En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos persoais serán incluídos na base de datos da Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia (ATFM) ante a cal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición na Rúa de Amio 114, 15707 Santiago de Compostela.



25 Aniversario 1991-2016

Asociación Familiar

de Terapia e Mediación de Galicia

XORNADA

AS NOVAS MASCULINIDADES COMO INSTRUMENTO TRANSFORMADOR NOS PROCESOS DE TERAPIA FAMILIAR E DE PARELLA

Miquel Far Ferrer

Sábado 24 de marzo de 2018

Santiago de Compostela



ORGANIZA

Asociación de Terapia Familiar e Mediación de Galicia

Rúa de Amio 114, 15707 - Santiago de Compostela

Tel.: 615 207 595

info@atfmgalicia.com - <http://atfmgalicia.gal>

Membro da Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar (FEATF)

Nome	40 €
Enderezo	80 €
C.P.	40 €
Teléfono	40 €
Email	
Localidade	
Titulación Universitaria	
<input type="checkbox"/> Socio/a da ATFM/FEATF (1)	
<input type="checkbox"/> Non socio/a da ATFM/FEATF	
<input type="checkbox"/> Desempregado/a (2)	
<input type="checkbox"/> Estudiante universitario, máster e 3º Ciclo (3)	
<input type="checkbox"/> Solicita factura. NIF.	

XORNADA

AS NOVAS MASCULINIDADES COMO INSTRUMENTO TRANSFORMADOR NOS PROCESOS DE TERAPIA

DATA

Sábado, 24 de marzo de 2018

HORARIO

Sábado de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas (acreditaranse 8 horas de formación).

LUGAR

Facultade de Psicoloxía - Campus Vida. Santiago de Compostela.

PRAZAS

Aforo limitado a 100 prazas que se ocuparán en rigorosa orde de recepción. Confirmarase aos aceptados/as por correo electrónico a súa inscrición.

INSCRICIÓN E TAXAS

Enviarase por correo electrónico a ficha de inscrición xunto co xustificante da transferencia bancaria e a documentación requerida.

- Socios/as da ATFMG ou da FEATF, estudantes universitarios, máster, 3º Ciclo e desempregados/as **40 €**
- Non socios/as da ATFMG **80 €**

PRAZO

Prazo límite de recepción de inscricións: martes 20 de marzo de 2018 ou ata ocupar todas as prazas.

DIRIXIDO A

Profesionais da terapia familiar, psicoloxía, ensino, pedagogía, orientación escolar, educación social, psiquiatría, CIMs, programas de violencia, etc.

PRESENTACIÓN

Esta xornada pretende crear un espazo de reflexión, individual e grupal. O obxectivo central é transmitir e interiorizar a importancia de entender a relación existente entre os modelos de masculinidade dominantes na nosa sociedade, as relacións de poder entre xéneros, a disfuncionalidade relacional derivada desta distribución do poder, as condutas de risco asociadas á masculinidade hexemónica, a violencia ligada ao xénero masculino, o dano emocional e a nula xestión dos conflitos no mundo relacional.

A finalidade é que os/as profesionais integren coñecementos e estratexias para xerar unha visión persoal, profesional e relacional máis consciente e igualitaria, que preveña condutas futuras, derivadas da presión social do concepto dominante de masculinidade, xa non só na súa contorna laboral e na súa praxe diaria, senón tamén no seu propio mundo relacional.

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre os modelos de masculinidade e a súa concomitancia coas relacións de poder entre xéneros.
- Aprender a correlacionar o modelo de masculinidade dominante coas condutas de risco e coas condutas disruptivas.
- Adquirir coñecementos e ferramentas prácticas para poder expor un novo modelo de masculinidade máis igualitario, respectuoso e afectuoso que posibilite o noso quefacer como profesionais.
- Adquirir coñecementos e estratexias que faciliten desenvolver relacións de xénero máis igualitarias e máis conscientes.
- Traballar dunha maneira introspectiva sobre como un ou unha mesma construíu o xénero masculino.
- Reflexionar sobre a armadura emocional que teñen os homes e que limita, en moitas ocasións, a súa capacidade de resolver conflitos e de xestionar o seu capital emocional.

METODOLOXÍA

Presentación teórica-práctica sobre masculinidades, como antesala dunha análise e unha reflexión sobre diferentes perspectivas, modelos e formas de relacionarnos desde a mentalidade androcéntrica, a través dunha metodoloxía participativa e dinámica e mediante a utilización de casos prácticos, vídeos e situacións, onde diferenciamos entre aquilo que sabemos, aquilo que sentimos e aquilo que facemos coas cuestións de xénero.

CONTIDO

- A construción e de-construción da imaxe do home. Traballo individual e conxunto.
- Construción da identidade masculina e ciclo vital.
- Masculinidade, violencia, consumo, relacións abusivas, de control e de dominación, condutas de risco. Por que o fan?
- Novos modelos de masculinidade, novos itinerarios persoais.
- A armadura emocional e o déficit na xestión dos conflitos persoais e relacionais.
- O home, a paternidade e as relacións de coidado.
- Modelos de cambio e de pluralidade de xénero.

MIQUEL FAR FERRER

Psicólogo social e terapeuta familiar e de parella (FEATF). Profesor da Universitat de les Illes Balears (UIB) e membro do grupo de investigación sobre igualdade de xénero da UIB. Asesor sobre programas de coeducación da Conselleria d'Educació i Innovació (Goberno de Baleares).

Presidente da Asociación Balear de Intervención Sistémica (ABIS) e membro da xunta directiva da FEATF.

